

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE INICIA O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2021/2022.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña (UDC), na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2020, aprobou o Regulamento de premios extraordinarios de grao.

O Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificación nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE núm. 224, de 18 de setembro de 2003).

O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (BOE núm. 233, de 29 de setembro de 2021).

O Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e as Universidades do SUG publicado por Resolución do 15/09/2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece a valoración dos expedientes académicos, asinado con data do 27 de xuño de 2011 e publicado por Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no DOG núm. 188, do 30 de setembro de 2011.

De acordo co exposto

RESOLVO:

Iniciar o expediente de concesión de Premios Extraordinarios de Grao correspondentes ao curso académico 2021/2022, en todas as titulacións que se imparten nesta universidade de acordo co que se refire de seguido:

1. Destinatarios

O alumnado que rematara os estudos de grao na Universidade da Coruña no curso académico 2021/2022, coas mellores cualificacións e cunha nota media non inferior a notable no expediente académico.

De acordo co disposto no artigo 2 do Regulamento de premios extraordinarios de grao, queda excluído o alumnado de grao que rematase os seus estudos mediante a superación dun curso de adaptación para titulados.

2. Número de premios

O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación é o que figura no **Anexo I** desta resolución, unha vez aplicadas as porcentaxes previstas no apartado 2.3, do artigo 2 do Regulamento de premios extraordinarios de grao.

3. Procedemento

3.1. Valoración dos expedientes académicos

De acordo co disposto no apartado 2.4 do artigo 2, do Regulamento de premios extraordinarios de grao, os expedientes académicos valoraranse pola Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente.

O criterio para a concesión será a nota media do expediente académico calculada de acordo co disposto no "Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e

as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos”.

3.2. Relación priorizada de expedientes académicos

A Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente elaborará unha relación priorizada provisoria daquelas persoas con expedientes académicos que obtiveran unha nota media igual ou superior a notable (7) de acordo ao número posible de premios. A devandita relación será publicada no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC. Contra esta relación provisoria, as persoas interesadas no procedemento poderán presentar unha reclamación no prazo de 5 días hábiles que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente resolverá as reclamacións e publicará no mesmo taboleiro de anuncios a relación definitiva daquelas persoas que poderán ser propostas para a concesión de premio extraordinario.

3.3. Aceptación do premio

As persoas propostas para a concesión do premio extraordinario de grao, deberán manifestar a aceptación da percepción do importe concedido de acordo coa base 4.3, cumprimentando o **Anexo II-1**, ademais de tramitar a alta de datos bancarios, indicando unha conta bancaria ao seu nome (preferentemente do Banco Santander), para que a universidade lle realice a transferencia. Este trámite debe realizarse a través da sede electrónica no seguinte enlace: https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003.

Simultaneamente, deberán inscribirse obrigatoriamente na páxina www.becas-santander.com, antes do 05/12/2022.

No caso de renunciar á percepción do importe concedido, deberán cumprimentar o **Anexo II-2**.

O prazo para presentar a aceptación será de 10 días naturais que contarán desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva citada no apartado anterior.

A aceptación presentárase na Sede Electrónica, no Rexistro Xeral ou nos Rexistros dos Centros, ou ben por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC considerárase válida aos efectos de notificación aos interesados, sen prexuízo de que se lles poida remitir un aviso mediante correo electrónico.

En caso de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á concesión do devandito premio.

4. Proposta definitiva, concesión e efectos

4.1. Remisión da proposta definitiva

A proposta definitiva será remitida pola Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente ao reitor, para a súa elevación ao Consello de Goberno.

4.2. Acordo de concesión

Os premios extraordinarios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, a aqueles/as alumnos/as con mellor expediente académico, que cumpran os requisitos do artigo 3.1 do Regulamento de premios extraordinarios de grao, no número que se indica no **Anexo I** desta resolución.

A relación das persoas premiadas publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, de acordo co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

O acordo do Consello de Goberno esgotará a vía administrativa. Contra o dito acordo, poderá interpoñerse:

a) ben un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á súa publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;

b) ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4.3. Efectos

As persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo expedido polo reitor da Universidade da Coruña, e unha dotación económica de 1.057,69€. O aboamento do importe farase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria. Aplicaráselle as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

A concesión do premio figurará no expediente académico da persoa premiada e farase constar fidedignamente no expediente do alumnado e naqueles documentos oficiais, nas condicións que a normativa vixente prevea.

Así mesmo, a concesión do premio extraordinario dará dereito á exención dos prezos públicos pola expedición do título de grao ou no seu caso á devolución dos mesmos.

5. Financiamento

Estes premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 04.00.47.0002 422D 480.02 dotada con 55.000 € cofinanciados entre a Universidade da Coruña e o Banco Santander, dentro do convenio xeral entre ambas entidades.

6. Calendario

- 15/11/2022 Publicación da relación priorizada provisoria de proposta de concesión de premios extraordinarios no Taboleiro Electrónico Oficial.
- 22/11/2022 Data límite para presentar reclamacións.
- 25/11/2022 Publicación da relación priorizada definitiva de proposta de concesión de premios extraordinarios, tras o estudo das reclamacións.
- 05/12/2022 Data límite para presentar o **Anexo II** (aceptación do premio) e rexistrarse na páxina www.becas-santander.com.

Aprobación polo Consello de Goberno da proposta de concesión dos premios extraordinarios, na data que corresponda.

7. Protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos conforme á normativa.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de

comunicación institucionais de que dispón a Universidade da Coruña, como o Taboleiro Electrónico Oficial, páxina web ou taboleiros de anuncios.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros.

A persoa interesada consinte o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,
O reitor
PD. (RR. 14-01-2020)
Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente
Nancy Vázquez Veiga

Anexo I
Número de premios extraordinarios por titulación 2021/2022

| Titulación | Núm. Alumnos | Núm. Candidatos |
|---|---------------------|------------------------|
| Grao en Administración e Dirección de Empresas | 149 | 2 |
| Grao en Arquitectura Técnica | 24 | 1 |
| Grao en Bioloxía | 79 | 2 |
| Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte | 118 | 2 |
| Grao en Ciencias Empresariais | 76 | 2 |
| Grao en Comunicación Audiovisual | 61 | 1 |
| Grao en Dereito | 176 | 3 |
| Grao en Economía | 53 | 1 |
| Grao en Educación Infantil | 128 | 2 |
| Grao en Educación Primaria | 117 | 2 |
| Grao en Educación Social | 57 | 1 |
| Grao en Enfermaría (A Coruña) | 57 | 1 |
| Grao en Enfermaría (Ferrol) | 57 | 1 |
| Grao en Enxeñaría de Obras Públicas | 26 | 1 |
| Grao en Enxeñaría Eléctrica | 6 | 1 |
| Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática | 22 | 1 |
| Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto | 50 | 1 |
| Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais | 14 | 1 |
| Grao en Enxeñaría Informática | 186 | 3 |
| Grao en Enxeñaría Mecánica | 16 | 1 |
| Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica | 16 | 1 |
| Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | 21 | 1 |
| Grao en Estudos de Arquitectura | 76 | 2 |
| Grao en Fisioterapia | 66 | 1 |
| Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | 8 | 1 |
| Grao en Humanidades | 8 | 1 |
| Grao en Información e Documentación | 5 | 1 |
| Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | 46 | 1 |
| Grao en Logopedia | 49 | 1 |
| Grao en Náutica e Transporte Marítimo | 22 | 1 |
| Grao en Paisaxe | 4 | 1 |
| Grao en Podoloxía | 41 | 1 |
| Grao en Química | 52 | 1 |

| | | |
|--|----|---|
| Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (A Coruña) | 36 | 1 |
| Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol) | 30 | 1 |
| Grao en Socioloxía | 63 | 1 |
| Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil | 12 | 1 |
| Grao en Tecnoloxías Mariñas | 18 | 1 |
| Grao en Terapia Ocupacional | 39 | 1 |
| Grao en Turismo | 26 | 1 |
| Grao en Xestión Industrial da Moda | 46 | 1 |

Anexo II-1

ACEPTACIÓN DO PREMIO

| PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2021/2022 | | | |
|---|----------------------------|-----------------|-----|
| DATOS DO/A ALUMNO/A | | | |
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| | | | |
| TÍTULO DE GRAO | | | |
| | | | |
| TELÉFONO | ENDEREZO ELECTRÓNICO (UDC) | | |
| | | | |

EXPOÑO:

1. Que, con data do 14/11/2022, se publicou no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña a Resolución reitoral pola que se se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de grao correspondentes ao curso académico 2021/2022.

2. Que, segundo a resolución reitoral, os premios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, por proposta da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente.

3. Que, en virtude do anterior, resultado proposto para o premio extraordinario de no curso 2021/2022.

4. Que acepto a proposta para todos os efectos: a expedición do diploma acreditativo, a súa constancia no meu expediente académico e a dotación económica (1.057,69€), e autorizo á Universidade da Coruña a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.

5. Que, de serme concedido o premio, autorizo a que se me ingrese o seu importe na conta bancaria indicada no trámite de alta de datos bancarios a través da sede electrónica.

6. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.

....., de 2022

Asdo.

SR. REITOR

Anexo II-2

ACEPTACIÓN DO PREMIO SEN REMUNERACIÓN ECONÓMICA

| PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2021/2022 | | | |
|---|----------------------------|-----------------|-----|
| DATOS DO/A ALUMNO/A | | | |
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| | | | |
| TÍTULO DE GRAO | | | |
| | | | |
| TELÉFONO | ENDEREZO ELECTRÓNICO (UDC) | | |
| | | | |

EXPOÑO:

1. Que, con data do 14/11/2022, se publicou no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña a Resolución reitoral pola que se se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de grao correspondentes ao curso académico 2021/2022.

2. Que, segundo a resolución reitoral, os premios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, por proposta da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente.

3. Que, en virtude do anterior, resulto proposto para o premio extraordinario de no curso 2021/2022.

4. Que acepto a proposta para os efectos da expedición do diploma acreditativo e da súa constancia no meu expediente académico, e autorizo á Universidade da Coruña a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.

5. Que **renuncio á dotación económica** establecida pola obtención do premio.

6. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.

....., de 2022

Asdo.

SR. REITOR